


Catálogo Nacional Monumentos Históricos	
Estado	GALICIA
Municipio	FERROL
Inmueble	Concatedral de San Xiao
Dirección	
Coordenadas	43.4820225 -8.2351408
	
Descripción	<p>O Beato Xoán XXIII, cunha bula de data 9 de marzo de 1959, establece a dobre capitalidade da diocese, Mondoñedo e Ferrol, concedéndolle tamén á Igrexa de San Xiao da cidade departamental o título de Concatedral. No ano 1959 ten lugar en Ferrol a inauguración oficial da Igrexa de San Xiao como Concatedral. E será a partires dese ano cando a diocese, con dúas sés, pasará a chamarse de Mondoñedo-Ferrol.</p> <p>A Igrexa de San Xiao está dedicada ao patrón da cidade. Foi construída a finais do século XVIII segundo proxecto do enxeñeiro e arquitecto de mariña Julián Sánchez Bort en 1766, substituíndo á primitiva igrexa románica.</p> <p>Está construída cun estrito estilo neoclásico, con planta de aspecto cruciforme e organizada ao redor dunha cúpula que se sustenta por catro grosos alicerces jónicos á que se abren sendas capelas cubertas de bóveda de canón e bóvedas caídas ao exterior.</p> <p>O conxunto áchase flanqueado por dúas esveltas torres con catro vans baixo arcos de medio punto. O exterior das cúpulas que rematan as torres está realizado en sillería granítica.</p> <p>A festa de San Xiao é o 7 de xaneiro</p>
Campanas y esquilas	<p>A catedral conta con dous conxuntos ben diferenciados de campás. Na torre das campás hai tres, que probablemente puideron voltear nas súas orixes, pero que nos últimos corenta ou cincuenta anos foron soamente tocadas co badajo para grandes ocasións.</p> <p>A campá menor conta con cigüeñal para o volteo, contrapeso de ferro e foi fundida por Manuel QUINTANA en 1959, así como a campá mediana, fundida polo mesmo en 1961, aínda que conservando o contrapeso de madeira orixinal e anterior.</p> <p>A campá maior é obra de Juan María da Sota de Lugo, fundida en 1898 e tamén cun contrapeso de madeira imponente e probablemente anterior.</p>

Toques actuales	As campás tócanse manualmente, desde a mesma sala de campás, para as dúas ou tres procesións anuais máis importantes, así como para toques de defuntos extraordinarios, como a morte do último papa.
Conservación	O conxunto está en avanzado proceso de abandono, con risco de caída das dúas campás maiores a medio prazo. Hai un perigo inminente de rotura das dúas campás maiores, xa que os badalos son desproporcionados e pegan demasiado baixo.
Protección	A Catedral carece de protección específica como monumento.
Propuestas	Os contrapesos de madeira das dúas campás maiores deben ser restaurados, tendo en conta que as campás continuarán fixas. O contrapeso da campá pequena debe ser substituído por un de madeira, adaptada á intemperie, cun motor de impulsos para o volteo. O conxunto debe estar xestionado por un computador para a realización dos toques automáticos tanto diarios, semanais como anuais. No entanto non debe substituír ao reloxo en ningunha circunstancia, permitíndose exclusivamente o control informático da exactitude do reloxo mecánico. O elemento patrimonial máis importante do conxunto é o reloxo, coa campá correspondente, que debe ser mantido en funcionamento, debido ao seu alto interese histórico e técnico.
Autores del registro	ÁLVARO MUÑOZ, Mari Carmen; LLOP i BAYO, Francesc
Fecha del registro	26-03-2008

Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Torre das campás	Xesus, María e José (1)	QUINTANA SAGUILLO, MANUEL	1959	46	56
Torre das campás	San Xiao menor (2)	QUINTANA SAGUILLO, MANUEL	1961	105	670
Torre das campás	San Xiao maior (3)	DE LA SOTA, JUAN MARÍA	1893	129	1243
Torre do reloxo	Campá do reloxo (A)		1797	53	86

Relojos

Reloj mecánico (1)	Existente En marcha
Autor del reloj	ANTELO LAMAS, ANDRÉS

Empresa de mantenimiento	ANTELO LAMAS, ANDRÉS
Fecha construcción	1880ca
Descripción	<p>Hai un reloxio mecánico, que foi modificado para dotalo de remontaje eléctrico. No día da toma de datos estaba parado por revisión.</p> <p>A porta de acceso ao reloxio está pechada con chave, como é habitual.</p> <p>Na sala do reloxio hai diversos carteis de carácter técnico: "¡¡<u>PELIGRO!!</u> / NO TOCAR LA PALANCA / <u>NI EL INTERRUPTOR</u> / CORTAR LA CORRIENTE SOLO / EN CASO DE AVERIA" / "FENYA / FABRICACIONES ELECTRICAS / NAVALES Y ARTILLERAS S. L. / EL FERROL DEL CAUDILLO".</p> <p>Tamén as rodas e engrenaxes están numerados.</p> <p>Mostra do reloxio: os números romanos son modernos (tradicionalmente ponse a metade inferior cara abaixo).</p> <p>En 2021 segue funcionando</p>

Información completa: [Concatedral de San Xiao - FERROL \(GALICIA\)](#)